



CASA DAS MULLERES DE VIGO

2ª Convocatoria de actividades – Setembro 2019

OBRADOIRO “TEATRO PARA A VIDA”

- Destinado a mulleres maiores de 18 anos.
- Formadora: María Rodríguez Salgueiro .
- Obxectivos: favorecer a comunicación cunha mesma e coas demais. Mellorar a autoestima mediante xogos e exercicios teatrais que proporcionarán ferramentas para unha mellor aceptación de nós mesmas.
- Contidos: o corpo. A respiración. Técnicas e dinámicas de desinhibición. Exercicios para fortalecer a nosa autoestima. Técnicas de improvisación.
- 26 horas en 13 sesións.
- Martes, do 24 setembro ao 17 decembro. De 18:00 a 20:00h.

OBRADOIRO “ARTE, PAISAXE E XÉNERO”

- Destinado a mulleres maiores de 18 anos.
- Formadora: Iria Vázquez López.
- Obxectivos: introducir teoría e práctica na relación arte e paisaxe ao longo da historia moderna e contemporánea. Coñecer e introducirmos na historia da arte a través da obra de mulleres artistas. Aprender novas técnicas e procedementos artísticos. Xerar un espazo propicio para a aprendizaxe, experimentación, comprensión e xogo dende a nosa subxectividade, mirada e propia experiencia, a partir de diferentes formulacións. Fomentar a capacidade reflexiva, atenta, crítica coa contorna.
- Contidos: historia e evolución: arte e paisaxe. Prácticas da arte ao aire libre. Muller, identidade e natureza. Territorios experimentais.
- 25 horas en 10 sesións.
- Luns, do 30 setembro ao 2 decembro. De 18:00 a 20:30h.

ESCOLA DE EMPODERAMENTO: CREANDO SORORIDADE

- Destinado a mulleres maiores de 18 anos.
- Formadora: Cristina Rodríguez Ramos.
- Obxectivos: compartir experiencias que faciliten a identificación grupal de xénero. Crear un espazo seguro e de confianza para a libre expresión das mulleres participantes. Debater sobre temas de actualidade desde unha perspectiva de xénero.
- Metodoloxía: a través de encontros e debates con mulleres realizaranse dinámicas e exercicios de relaxación, respiración, musicoterapia, risoterapia, etc, para promover un clima que facilite a expresión dos propios puntos de vista e o debate.
- 25 horas en 10 sesións.
- Xoves, do 26 setembro ata o 28 novembro. De 18.00 a 20.30h.

CURSO DE INTRODUCCIÓN Á IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES PARA PROFESIONAIS

- Destinado a homes e mulleres maiores de 18 anos con perfil profesional nos eidos social e de educación formal e non formal.
- Formadora: Cristina Rodríguez Ramos.
- Obxectivo: facilitar a incorporación da perspectiva de xénero no traballo cotián dentro dos eidos social e educativo.
- Contidos: introdución á perspectiva de xénero. Consecuencias da socialización diferenciada. A transversalidade aplicada ao ámbito social e da educación: a coeducación. Elementos clave para a planificación coeducativa: a comunicación (linguaxe e imaxes), materiais didácticos, habilidades sociais. Prevención, detección e orientación no ámbito da violencia machista. Como intervir ante un posible caso.
- 20 horas en 8 sesións.
- Luns, martes e mércores, do 30 setembro ata o 15 outubro. De 18.00 a 20.30h.

Inscripción previa e máis info:

Casa das Mulleres
Rúa Romil, 20
986 442 194
casadasmulleres@vigo.org
Horario: 17:30-21:30

Concellería de Igualdade
Praza do Rei 1, 1º andar
986 810 284
ofi.muller@vigo.org
Horario: 9:00-13:30

